

COLABORACIÓN COA REVISTA PREGÓN 2021

1. Obxecto

A Biblioteca Municipal de Ponteareas abre a posibilidade de que as/os mozas/os de Ponteareas colaboren coa revista Pregón 2021 cunha fotografía.

As fotografías seleccionadas serán publicadas no Pregón 2021.

2. Participantes

Poderán participar as/os mozas/os de Ponteareas con idades comprendidas entre 13 e 18 anos.

Cada participante poderá enviar ata un máximo de 1 fotografía.

A participación comporta:

- A declaración expresa das persoas participantes de que posúen os dereitos de autoría sobre as fotografías presentadas.
- A declaración expresa das persoas participantes de que, no caso de resultar elixidas as súas fotografías, cederán gratuitamente ao Concello de Ponteareas os dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación por calquera modalidade, sobre elas, sen máis limitación de medios, tempo ou espazo xeográfico que as legalmente establecidas.
- A declaración expresa por parte das persoas participantes de que quedan informadas e autorizan o tratamento dos seus datos persoais. As persoas participantes poderán acceder, rectificar ou cancelar tales datos, así como exercer o seu dereito de oposición, nos termos establecidos na normativa en materia de protección de datos de carácter persoal, mediante un escrito dirixido ao Concello de Ponteareas.

3. Temática

O tema das fotografías debe estar relacionado coa Festa do Corpus de Ponteareas: flores, elementos vexetais, ramas, cores etc.

4. Características das fotografías

- Terán formato jpg ou tiff.
- As fotografías terán un mínimo de 300 ppp (píxeles por pulgada).
- As fotografías deberán ser orixinais e inéditas.
- As fotografías non foron publicadas noutra revista.
- As persoas concursantes deben ser as únicas titulares dos dereitos de autor das fotografías presentadas e teñen que estar feitas legalmente.
- Non se admitirán aquelas fotografías nas que se utilizasen imaxes, ou plaxios de imaxes, doutros autores e autoras ou institucións.
- Excluíranse as fotografías que conteñan algún tipo de connotación sexista, xenófoba, racista ou ofensiva contra as persoas ou as institucións.
- As fotografías orixinais poden sufrir pequenas variacións por condicións de impresión e para a súa adaptación ao formato da revista Pregón.

5. Presentación

As fotografías deberán enviarse como arquivo adxunto dun correo electrónico, ou por [wetransfer.com](https://www.wetransfer.com), ao seguinte enderezo de correo electrónico: pregoncorpus@ponteareas.gal.

No correo electrónico indicárase o seguinte: Asunto: Colaboración coa revista Pregón 2021.

Se a persoa é menor de idade, deberá enviar a solicitude de participación e unha autorización de participación no concurso asinada polo/a pai/ nai ou titor/a legal, así como a copia do DNI do menor e da persoa que autoriza a participación.

6. Xurado

O xurado estará formado polo concelleiro de Cultura ou persoa na que este delegue, en calidade de presidente, tres vogais e un traballador do Concello de Ponteareas, que asistirá en calidade de secretario, con voz e sen voto.

O presidente ou presidenta do xurado terá voto de calidade naqueles supostos que se consideren necesarios.

O xurado seleccionará as fotografías que se publicarán no Pregón 2021.

7. Prazo

O prazo de admisión de fotografías abranguerá ata o **15 de abril**.

8. Aceptación das bases

A participación no concurso implica a aceptación total das bases desta convocatoria.

A súa interpretación correspóndelle exclusivamente ao xurado.